

Cofinanciado por  
la Unión Europea

## ANEXO II

## INFORMACIÓN SOBRE AS AXUDAS ECONÓMICAS

Trala concesión das listaxes definitivas de prazas adxudicadas, a Oficina de Relacións Internacionais publicará a resolución de concesión das axudas económicas:

**1. BOLSA ERASMUS+**

A bolsa Erasmus é unha axuda financiada pola Unión Europea co obxecto de sufragar os gastos complementarios por estudar nunha universidade estranxeira. Esta non ten como finalidade cubrir a totalidade dos gastos dos estudos no estranxeiro. Componse dunha axuda individual e unha axuda de viaxe.

O estudantado non terá que presentar unha solicitude. A Universidade de Vigo publicará a partir do mes de xuño de 2026 unha resolución coas listas provisorias de bolsas concedidas. As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo establecido na resolución de concesión.

Concederanse axudas Erasmus+ só para os destinos nos que na oferta de prazas (anexo III) se indique esta posibilidade.

A adxudicación realizarase baseándose na media do expediente ponderada.

Financiaranse un máximo de 5 meses para estadias cuadrimestrais e un máximo de 10 meses para estadias anuais. O número máximo de meses obxecto de financiamento poderá reducirse en función do número de persoas beneficiarias e do crédito dispoñible.

A bolsa Erasmus consta de dous tipos de axuda, axuda individual e axuda de viaxe:

**1.1 Axuda individual:**

As axudas individuais serán de **700€** mensuais ou de **950€** mensuais no caso de [estudiantado con menos oportunidades](#)\*.

\*Considérase estudantado con menos oportunidades:

- O estudantado **bolseiro do Ministerio de Educación e Formación Profesional (MEFP) ou do Departamento de Educación do País Vasco** no curso inmediatamente anterior a realizar a mobilidade. **Documento acreditativo: resolución de concesión.**
- O estudantado que teña recoñecida legalmente unha **discapacidade en grao igual ou superior a un 33%**. De ser necesario, poderanse tramitar axudas adicionais dependendo do custo real dos gastos incorridos polo/a beneficiario/a mediante a presentación de facturas polos conceptos de: transporte, acompañantes, servizos profesionais ou outro tipo de gastos derivados da mobilidade. **Documento acreditativo: certificado de discapacidade.**
- O estudantado que estea en **risco de exclusión social**. **Documento acreditativo: informe dos servizos sociais.**
- O estudantado que teña a condición de **persoa refuxiada** ou con dereito a protección subsidiaria ou ter presentado unha solicitude de protección internacional en España.
- **Familias numerosas ou monoparentais**. **Documento acreditativo: certificado de familia numerosa ou monoparental da Xunta ou administración correspondente.**
- O estudantado **con persoas dependentes ao seu cargo** **Documento acreditativo: certificado da administración correspondente.**



Cofinanciado por  
la Unión Europea

### 1.2 Axuda de viaxe

O estudiantado recibirá unha axuda de viaxe que se calculará empregando a calculadora de distancias proposta pola Comisión Europea, que poderá atopar na seguinte ligazón: [http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/tools/distance\\_en.htm](http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/tools/distance_en.htm), tomando como referencia campus no que está matriculado na Universidade de Vigo ata a universidade de destino.

DISTANCIA DE VIAXE	En caso de viaxe non ecolóxica	En caso de viaxe ecolóxica*
Entre 10 e 99 Km.	28 € por participante	56 € por participante
Entre 100 e 499 Km.	211 € por participante	285 € por participante
Entre 500 e 1999 Km.	309 € por participante	417 € por participante
Entre 2000 e 2999 Km.	395 € por participante	535 € por participante
Entre 3000 e 3999 Km.	580 € por participante	785 € por participante
Entre 4000 e 7999 Km.	1.188 € por participante	1.188 € por participante
8000 Km. ou máis	1.735 € por participante	1.735 € por participante

\*Considérase viaxe ecolóxica o desprazamento nas súas viaxes **de ida e volta** nun medio de transporte con baixas emisións no tramo principal do traxecto (autobús, tren ou automóbil compartido con outras persoas beneficiarias da bolsa).

**Apoio á inclusión:** O estudiantado participante que acredite unha situación legal de discapacidade igual ou superior a un 33 % poderá optar a unha axuda adicional destinada a cubrir os gastos reais subvencionables da estadía. De ser necesario, poderanse tramitar axudas adicionais dependendo do custo real dos gastos incorridos polo estudiantado beneficiario mediante a presentación de facturas polos seguintes conceptos: transporte, acompañantes, servizos profesionais, outro tipo de gastos derivados da mobilidade. Unha vez seleccionada, a persoa deberá comunicar a súa situación á Oficina de Relacións Internacionais ao enderezo [outgoing.ori@uvigo.gal](mailto:outgoing.ori@uvigo.gal) no caso de precisar esta axuda adicional.

## 2. BOLSA PROPIA DA UNIVERSIDADE DE VIGO

O estudiantado non terá que presentar unha solicitude. A Universidade de Vigo publicará a partir do mes de xuño de 2026 unha resolución coas listas provisorias de bolsas concedidas. As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo establecido na resolución de concesión. Concederanse bolsas de 1.500 € por cada estadía. O número de bolsas establecerase na resolución de concesión.

Concederanse estas axudas ao estudiantado que non sexa beneficiario dunha bolsa Erasmus+.

A selección realizarase baseándose na media do expediente ponderada.

Co fin de conceder o máximo de axudas posibles, terá prioridade o estudiantado que non sexa beneficiario dunha bolsa Santander Mobilidade Internacional non Erasmus.



Cofinanciado por  
la Unión Europea

### 3. SANTANDER MOBILIDADE INTERNACIONAL NON ERASMUS 2026



A Universidade de Vigo publicará unha resolución de concesión de axudas entre o estudiantado seleccionado no marco desta convocatoria de prazas para o curso 2026-2027 cos seguintes **requisitos**:

- Ser residente en España.
- Estudiantado matriculado no curso 2025-26 en centros propios e estudiantado de titulacións impartidas en centros adscritos de titularidade pública que non se imparten en centros propios (Enfermaría Ourense, Enfermaría Pontevedra e Enfermaría Meixoeiro da Universidade de Vigo)
- Non ter concedida unha bolsa Erasmus para o curso 2026-2027 no cadro da presente convocatoria.
- Non ter concedida unha bolsa Santander non Erasmus+ na convocatoria do curso anterior.
- Estar inscrito empregando a conta de correo do dominio @uvigo.gal na web [www.santanderopenacademy.com](http://www.santanderopenacademy.com), na convocatoria "Becas Santander No Erasmus 2026". O prazo de inscrición deberá realizarse entre o 3 de decembro de 2025 e o de 16 marzo de 2026

As axudas consistirán en **20 bolsas de 1.500 €** cada unha. A selección realizarase baseándose na media do expediente ponderada a 28 de febreiro de 2026. Publicarase a partir do mes de maio de 2026 unha resolución coas listas provisorias de bolsas concedidas e de agarda para o caso de que se produzan renuncias. As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo establecido na resolución de concesión Transcorrido o prazo, publicarase a resolución coas listas definitivas de bolsas concedidas e de agarda.

#### 4. BOLSAS COMPLEMENTARIAS DA XUNTA DE GALICIA

Existe a previsión, como en convocatorias anteriores, de que a Xunta de Galicia publique unha convocatoria de axudas complementarias ao estudiantado **matriculado en titulacións de grao** que goza dunha praza de intercambio en **países extracomunitarios**. Queda excluído desta convocatoria o estudiantado que sexa beneficiario dunha bolsa Erasmus e o que xa recibise esta axuda en anteriores convocatorias.

IMPORTANTE: o estudiantado deberá presentar a solicitude segundo o que estableza a convocatoria. Tramitarse en liña unicamente, polo que deberá asegurarse de que dispón dos medios para presentar a solicitude estando fóra de España (certificado dixital, Chave 365, DNIE).

#### 5. BOLSAS COMPLEMENTARIAS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Como en anteriores convocatorias, existe a previsión de sinatura dun acordo coa Deputación de Pontevedra que permitirá financiar axudas complementarias ao estudiantado Erasmus+ e





Cofinanciado por  
la Unión Europea



ATHENA



E-ERIKI - E-ERIKI

ao estudiantado que goza doutras bolsas internacionais (ISEP, GE4, Bolsas en países extracomunitarios). Poderase dar prioridade ao estudiantado que sexa beneficiario da bolsa MEFP ou do Departamento de Educación do País Vasco no curso 2024-2025.

O estudiantado non terá que presentar solicitude. De asinarse o convenio, a Universidade de Vigo fará publica unha resolución de concesión de axudas ao estudiantado seleccionado na presente convocatoria pertencente aos campus de Pontevedra e Vigo. A adxudicación basearase na media ponderada. A data que se tomará como referencia para o cálculo da nota media establecerase na resolución de concesión das axudas.

